

ASEMBLEA GRUPO DE TRABAJO MONTE ALTO (02/05/2012)

1-Interbarrios

Remitímonos á acta.

Sobre a proposta da Ría de compartir o Twitter, agradecemos o ofrecemento pero o mesmo que entendemos que cada asemblea debe ter o seu propio blog ,pensamos o mesmo con respecto o Twitter e decidimos poñer en marcha o noso co nome 15M montealto. Próxima reunión de IB propoñemos que sexa presencial pra cerrar os flecos que queden para o 12M 15M .

2-Asemblea día 3

Ultímanse os detalles da asemblea onde se presentará o boletín especial por facer un ano do 15M.

Farase unha breve historia do movemento no barrio e os logros Ademais informarse das próximas convocatorias. Invitar a xente a colaborar na difusión e pegada de carteis.

3-Actos 12M 15M

Difusión por medio de carteis e panfletos para a manifestación do día 12, Uns días antes mirar de megafonear e si da tempo facer unhas pancartas para colgar nalgunha ponte.

Os sitios onde xa vai ir xente pegar a mais de en Monte Alto son: Riazor, Elviña,Lagoas, Paseo Marítimo,Estación, Cidade Vella, Monelos , Catro Camiños , Gaitera e Juan Florez ,quedando pendente o resto dos sitios pendentes dos outros barrios.

Manifiesto: quedouse en mandar ideas por correo para a elaboración e proponse a Fran para lelo o día 12

Charla de Ramón Chao, día 14 : Acordase apoiala a pesar de que non gusta onde se fai entre outras cousas.

Asemblea día 15:Mandar propostas por correo para a súa preparación.antes do día 9.

4- Varios

Punto de información: Acordouse poñer punto de información para difusión da mobilización do día 12 e recollida de sinaturas das ILP no Campo da Leña o día 8 de 11 as 13 horas e de 17,30 as 19.30 e o día 9 de 11 a 13